

EXPTE. nº 6/PC17/OBRAS/2017: "PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA NO CEIP DE NANTES".

INFORME TÉCNICO

Vistas as ofertas presentadas e admitidas para optar á contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, da obra "PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA NO CEIP DE NANTES", o Técnico que subscribe INFORMA:

No cadro que se achega, realizase un comparativo da puntuación acadada polas distintas ofertas presentadas e admitidas, quedando como segue:

- A plica que acadou a puntuación mais alta foi a presentada polo licitador **ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)**.

Os criterios de adxudicación para a realización do presente informe, axústanse ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante Prego) que rexe a contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, da obra "PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA NO CEIP DE NANTES".

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (Cláusula 7ª do Prego):

Serán os que se detallan a continuación, coa puntuación máxima que pode asinarse e a documentación necesaria para que poidan puntuarse:

-**Incremento da calidad do obxecto do contrato sobre o previsto no proxecto en base ao que executarase a obra:** Non valoraranse aqueles incrementos a aplicar noutras accións diferentes as de radicación do obxecto do contrato e tampouco permítese o aumento do obxecto do contrato, sexa en metros cadrados ou metros lineais. Puntuarase ata un máximo de **CORENTA (40) PUNTOS**. A estos efectos os licitadores deberán presentar unha memoria descriptiva e valorada onde se xustifique e se describa claramente o incremento de calidad ofertado para cada unidade de obra con respecto ao reflectido nas unidades de obra contempladas no proxecto, facendo constar expresamente en que aspecto ou aspectos se incrementa a calidad de cada unidade de obra e globalmente en que aspecto ou aspectos se incrementa a calidad na súa totalidade. Aplicaranse para estas valoracións os prezos habituais de mercado para este tipo de instalacións. A non presentación da memoria conforme ao disposto nesta cláusula determinará que a puntuación por este criterio sexa de **CERO (0) PUNTOS**.

- **Oferta económica:** Ata un máximo de **SESENTA (60) PUNTOS**. Expressarase nunha cantidade que non poderá superar o tipo de licitación que figura na cláusula 2ª deste Prego, (**253.131,76 €, IVE incluído**). No caso de que o licitador non o puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

Para determinar a puntuación que corresponda a ambos criterios, aplicarase a seguinte fórmula:

Oferta económica

P=60 * (Y/X)] sendo:
60=Puntuación máxima.
P= Puntuación obtida.
Y= Oferta más baixa.
X= Oferta a valorar.

Incremento de calidades

P=40 * (Y/X)] sendo:
40=Puntuación máxima.
P= Puntuación obtida.
Y= Oferta a valorar.
X= Oferta con calidades más alta.

VALORACIÓN DAS OFERTAS:

- **PLICA nº UN: CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA).**
- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidad obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución da zahorra natural prescrita no proxecto para a sub-base por zahorra artificial, mellorando a capacidade portante e estrutural da mesma. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidad, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 7,47 €/m³ para a mellora ofertada.
- Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidad proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 7,47 €/m³ de PEM.
- Substitución do formigón HA-25 N/mm² prescrito no proxecto para as zapatas e vigas rioxas por formigón HA-30 N/mm², mellorando a resistencia estrutural das mesmas.
 - Substitución das pranchas de illamento térmico de 50 mm de espesor prescritas no proxecto para a soleira por outras de 80 mm. de espesor, mellorando as prestacións de illamento térmico deste elemento estrutural.
 - Substitución das fibras de polietileno prescritas no proxecto para a soleira por fibras de vidro, mellorando a resistencia a flexo-tracción deste elemento estrutural.
 - Substitución do panel sándwich de cuberta de 40 mm. de espesor prescrito no proxecto por un panel sándwich de cuberta de 50 mm. de espesor, mellorando o illamento térmico da cuberta. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidad, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 2,01 €/m² para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidad proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 2,01 €/m² de PEM.

- Substitución dos acabados da chapa metálica que conforma o panel sándwich de cuberta (lacado exterior/galvanizado interior) prescritos no proxecto por un acabado exterior especial para ambientes mariños e agresivos, tipo Granite HDX de 55 micras e acabado interior lacado, mellorando a resistencia aos raios UVA e a corrosión. Aínda que este aspecto

repercute nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 4,32 €/m² para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 4,32 €/m² de PEM.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 24.196,11 € (PEM).

Puntuación: 36,18 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 239.462,64 € (IVE incluído).

Puntuación: 49,15 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 85,33 PUNTOS

> **PLICA nº DOUS: COVISAM NORTE, S.L.**

INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Adición de fibras de polipropileno á soleira. O proxecto xa inclúe e prescribe a adición de fibras de polietileno como parte do armado na execución da soleira, polo que non se pode valorar este aspecto ofertado polo licitador.
- O licitador propón dotar á superficie da soleira dun revestimento a base de pintura de resina de poliuretano. Dito aspecto ofertado representa unha mellora das propiedades físicas da soleira. Aínda que este aspecto repercute nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 18,35 €/m² para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 18,35 €/m² de PEM.

- Subministración dun xogo de porterías de fútbol-sala/balonmán e dun xogo de canastras de baloncesto fixas. Este aspecto ofertado polo licitador, trátase dun aumento do obxecto do contrato dado que o proxecto non inclúe ningunha partida de equipamento deportivo, polo que de acordo co establecido na cláusula 7ª do Prego, non se pode valorar.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 17.762,80 € (PEM).

Puntuación: 26,56 puntos.

OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):

Prezo ofertado: 217.798,77 € (IVE incluído).

Puntuación: 54,04 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 80,60 PUNTOS

- **PLICA nº TRES: PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)**
- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución do formigón HA-25/P/20/Illa prescrito no proxecto para as zapatas e vigas rioxstras por formigón HA-25/P/20/IIIa+Qb, mellorando a resistencia a exposición en ambientes agresivos. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7^a, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 7,20 €/m³ para a mellora ofertada.
Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 7,20 €/m³ de PEM.
- Instalación de estrutura prefabricada en viga canalón de borde sobre a que se colocará o canalón de aluminio prescrito no proxecto aprobado. Non se debe ter en conta este aspecto dado que se trata dunha redundancia de unidade de obra contemplada no proxecto aprobado que non incrementa a calidade do obxecto do contrato.
- Substitución do panel sándwich de cuberta de 40 mm. de espesor prescrito no proxecto por un panel sándwich de cuberta de 50 mm. de espesor, mellorando o illamento térmico da cuberta. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7^a, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 2,01 €/m² para a mellora ofertada.
Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 2,01 €/m² de PEM.
- Substitución dos acabados da chapa metálica que conforma o panel sándwich de cuberta (lacado exterior/galvanizado interior) prescritos no proxecto por un acabado exterior especial para ambientes mariños e agresivos, tipo Granite HDX de 55 micras e acabado interior lacado, mellorando a resistencia aos raios UVA e a corrosión.
- O licitador propón dotar á pista máis ás zonas de seguridade da soleira dun revestimento deportivo impermeable, de alta calidade, realizado con catro capas de morteiro a base de resinas epoxi e cargas minerais calibradas. Dito aspecto ofertado representa unha mellora no acabado da soleira que repercute na mellora do desenvolvemento das actividades deportivas das instalacións.

- Marcaxe de pista de tenis e colocación de soportes para apoios, embebidos na soleira. Este aspecto ofertado polo licitador, trátase dun aumento do obxecto do contrato, polo que de acordo co establecido na cláusula 7ª do Prego, non se pode valorar

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 26.753,00 € (PEM).

Puntuación: 40,00 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 205.289,24 € (IVE incluído).

Puntuación: 57,34 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 97,34 PUNTOS

- **PLICA nº CATRO: ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI).**
- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución do formigón HA-25/P/20/Ila prescrito no proxecto para as zapatas e vigas riestras por formigón HA-25/P/20/IIIa+Qb, mellorando a resistencia a exposición en ambientes agresivos. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 7,20 €/m³ para a mellora ofertada.
Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 7,20 €/m³ de PEM.
- Instalación de estrutura prefabricada en viga canalón de borde sobre a que se colocará o canalón de aluminio prescrito no proxecto aprobado. Non se debe ter en conta este aspecto dado que se trata dunha redundancia de unidade de obra contemplada no proxecto aprobado que non incrementa a calidade do obxecto do contrato.
- Substitución do panel sándwich de cuberta de 40 mm. de espesor prescrito no proxecto por un panel sándwich de cuberta de 50 mm. de espesor, mellorando o illamento térmico da cuberta. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 2,01 €/m² para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 2,01 €/m² de PEM.

- Substitución dos acabados da chapa metálica que conforma o panel sándwich de cuberta (lacado exterior/galvanizado interior) prescritos no proxecto por un acabado exterior especial para ambientes mariños e agresivos, tipo Granite HDX de 55 micras e acabado interior lacado, mellorando a resistencia aos raios UVA e a corrosión.
- O licitador propón dotar á pista máis ás zonas de seguridade da soleira dun revestimento deportivo impermeable, de alta calidade, realizado con catro capas de morteiro a base de resinas epoxi e cargas minerais calibradas. Dito aspecto ofertado representa unha mellora no acabado da soleira que repercuta na mellora do desenvolvemento das actividades deportivas das instalacións.
- Marcase de pista de tenis e colocación de soportes para apoios, embebidos na soleira. Este aspecto ofertado polo licitador, trátase dun aumento do obxecto do contrato, polo que de acordo co establecido na cláusula 7^a do Prego, non se pode valorar

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 26.753,00 € (PEM).

Puntuación: 40,00 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 199.990,00 € (IVE incluído).

Puntuación: 58,86 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 98,86 PUNTOS

> **PLICA nº CINCO: DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.**

- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DA PRESTACIÓN CONTRACTUAL SOBRE O
PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución do panel sándwich de cuberta de 40 mm. de espesor prescrito no proxecto por un panel sándwich de cuberta de 50 mm. de espesor, mellorando o illamento térmico da cuberta.
- Substitución do canalón de aluminio prescrito no proxecto aprobado por unha viga canalón de formigón prefabricado. Non se debe ter en conta este aspecto ofertado dado que se trata dunha redundancia de unidade de obra contemplada no proxecto aprobado que non incrementa a calidade do obxecto do contrato.
- Substitución das baixantes de PVC para as augas pluviais prescrita no proxecto aprobado por unhas de aluminio, mellorando a calidade do material. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7^a, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 12,75 €/m para a mellora ofertada.



Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 12,75 €/m² de PEM.

- Execución da soleira incorporando un sistema de encofrado perdidio tipo "Cáviti" de 10 cm. Non se debe ter en conta este aspecto dado que a solución construtiva que aporta o licitador non é viable dende o punto de vista técnico, toda vez que se propón o apoio do sistema de encofrado perdidio "Cáviti" directamente sobre o encachado de macádam prescrito no proxecto, superficie que presenta irregularidades planimétricas e falta de resistencia mecánica do apoio (punzonamento e asentos diferenciais) incompatibles para este tipo de sistemas. Esta situación pode provocar que a soleira non quede correctamente executada para o uso que foi concibida, sendo este apoio totalmente desaconsellado polo fabricante do sistema proposto polo licitador, o cal manifesta que nas súas fichas técnicas que é necesario efectuar unha capa de base de formigón en masa para o apoio do sistema de encofrado perdidio tipo "Cáviti", a cal non está prescrita no proxecto nin ofertada polo licitador.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 3.208,49 € (PEM).

Puntuación: 4,80 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 239.000,00 € (IVE incluído).

Puntuación: 49,25 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 54,05 PUNTOS

PLICA nº SEIS: REVOLTAMAR, S.L.

- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución do panel sándwich de cuberta de 40 mm. de espesor prescrito no proxecto por un panel sándwich de cuberta de 60 mm. de espesor, mellorando o illamento térmico da cuberta.
- Acabado da soleira en cor castaño ou verde, repercutindo nunha mellora estética. Aínda que este aspecto repercutre nun incremento de calidade estética, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de acabados; condición que establece o Prego na súa cláusula 7^a, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 4,15 €/m² para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 4,15 €/m² de PEM.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 10.022,07 € (PEM).

Puntuación: 14,98 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 248.496,49 € (IVE incluído).

Puntuación: 47,37 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 62,35 PUNTOS

➤ **PLICA nº SETE: SERGONSA SERVICIOS, S.L.**

- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución da zahorra natural prescrita no proxecto para a sub-base por zahorra artificial, mellorando a capacidade portante e estrutural da mesma. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 7,47 €/m³ para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 7,47 €/m³ de PEM.

Substitución do formigón HA-25/P/20/Ila prescrito no proxecto para as zapatas e vigas rioxstras por formigón HA-25/P/20/IIIa (non se ten en conta o formigón non estrutural), mellorando a resistencia a exposición en ambientes agresivos. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 7,20 €/m³ para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 7,20 €/m³ de PEM.

- Aumento da calidade no acabado visto dos muretes de formigón. Non se debe ter en conta este aspecto ofertado dado que se trata dunha redundancia de unidade de obra contemplada no proxecto aprobado que non incrementa a calidade do obxecto do contrato.
- Substitución dos acabados da chapa metálica que conforma o panel sándwich de cuberta (lacado exterior/galvanizado interior) prescritos no proxecto por un acabado exterior especial para ambientes mariños e agresivos, tipo Granite HDX de 55 micras, mellorando a resistencia aos raios UVA e a corrosión. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 4,32 €/m² para a mellora ofertada.



Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 4,32 €/m² de PEM.

- Aumento, ata 1 mm., do espesor da chapa de aluminio no canalón para a recollida de augas pluviais prescrita no proxecto aprobado, mellorando a calidade do material.
- Substitución das baixantes de PVC para as augas pluviais prescrita no proxecto aprobado por unhas de aluminio, mellorando a calidade do material.
- Substitución do formigón HA-25/P/20/Illa prescrito no proxecto para a soleira por formigón HA-25/P/20/IIla, mellorando a resistencia a exposición en ambientes agresivos. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 1,44 €/m³ para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 1,44 €/m³ de PEM.

- Substitución das pranchas de illamento térmico de 50 mm de espesor prescritas no proxecto para a soleira por outras de 60 mm. de espesor, mellorando as prestacións de illamento térmico deste elemento estrutural. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 1,30 €/m² para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 1,30 €/m² de PEM.

- Acabado da soleira en cor, repercutindo nunha mellora estética.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 22.251,51 € (PEM).

Puntuación: 33,27 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 200.046,88 € (IVE incluído).

Puntuación: 58,84 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 92,11 PUNTOS

➤ **PLICA nº OITO: CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.**

INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución dos acabados da chapa metálica que conforma o panel sándwich de cuberta (lacado exterior/galvanizado interior) prescritos no proxecto por un acabado especial

prelacado para ambientes mariños e agresivos, tipo Granite HDX de 55 micras, mellorando a resistencia aos raios UVA e a corrosión.

- Aumento, ata 0,6 mm., no espesor da chapa exterior do panel sándwich da cuberta respecto ao prescrito no proxecto aprobado, mellorando a calidade do material.
- Substitución do panel sándwich de cuberta de 40 mm. de espesor prescrito no proxecto por un panel sándwich de cuberta de 50 mm. de espesor, mellorando o illamento térmico da cuberta.
- Substitución das pranchas de illamento térmico de 50 mm de espesor prescritas no proxecto para a soleira por outras de 60 mm. de espesor, mellorando as prestacións de illamento térmico deste elemento estrutural.
- Aumento, ata 1,50 mm., do espesor da chapa de aluminio no canalón para a recollida de augas pluviais prescrita no proxecto aprobado, mellorando a calidade do material.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 14.107,04 € (PEM).

Puntuación: 21,09 puntos.

OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):

Prezo ofertado: 228.577,98 € (IVE incluído).

Puntuación: 51,50 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 72,59 PUNTOS

➤ **PLICA nº NOVE: CONSTRUCTORA EDISERPO, S.L.**

➤ **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución dos acabados da chapa metálica que conforma o panel sándwich de cuberta (lacado exterior/galvanizado interior) prescritos no proxecto por un acabado especial prelacado para ambientes mariños e agresivos, tipo Granite HDX de 55 micras na cara exterior e de poliéster siliconado de 25 µ na cara interior, mellorando a resistencia do panel aos raios UVA e a corrosión. Aínda que este aspecto repercute nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 5,30 €/m² para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 5,30 €/m² de PEM.

- Aumento, ata 1.000 mm., do desarrollo do canalón de aluminio para a recollida de augas pluviais prescrita no proxecto aprobado, dotando dun tratamento na cara exterior tipo Granite HDX de 55 micras e de pintura protectora anticorrosiva na cara interior, mellorando a capacidade de desague do canalón e a calidade do material.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 8.256,53 € (PEM).

Puntuación: 12,34 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 229.053,00 € (IVE incluído).

Puntuación: 51,39 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 63,73 PUNTOS

➤ **PLICA nº DEZ: CONSTRUCCIONES HERMANOS SANZ 2000, S.L.**

- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador propón os seguintes incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto:

- Substitución do formigón con clase de exposición IIa prescrito no proxecto para a estrutura da nave prefabricada por exposición IIIa, mellorando a resistencia a exposición en ambientes agresivos.
- Na cuberta fai referencia, no mesmo aspecto, ao panel sándwich e ao canalón de recollida de augas pluviais, mesturando as dúas partidas sen aclarar nin especificar en que consiste a mellora, polo que non se pode ter en conta este aspecto.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 2.948,68 € (PEM).

Puntuación: 4,41 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 230.485,19 € (IVE incluído).

Puntuación: 51,07 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 55,48 PUNTOS

➤ **PLICA nº ONCE: PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.**

- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador propón os seguintes incrementos da calidad obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto:

- Dotar á estrutura xeral da pista polideportiva cuberta de cerramento perimetral a base de paneis prefabricados de formigón. Este aspecto ofertado polo licitador, trátase dun aumento do obxecto do contrato, polo que de acordo co establecido na cláusula 7ª do Prego, non se pode valorar

Importe dos incrementos de calidad ofertados: 0,00 € (PEM).

Puntuación: 0,00 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 235.918,80 € (IVE incluído).

Puntuación: 49,89 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 49,89 PUNTOS

➤ **PLICA nº DOCE: RASALEREZ, S.L.**

- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador non aporta incrementos da calidad obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto.

Puntuación: 0,00 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 196.177,12 (IVE incluído).

Puntuación: 60,00 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 60,00 PUNTOS

➤ **PLICA nº TRECE: PROYCOGA, S.A.**

- **INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DO CONTRATO SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE AO QUE EXECUTARASE A OBRA (Máx: 40 puntos):**

O licitador aporta unha memoria onde describe os incrementos da calidade obxecto da prestación sobre o previsto no proxecto, sendo as seguintes:

- Substitución dos acabados da chapa metálica que conforma o panel sándwich de cuberta (lacado exterior/galvanizado interior) prescritos no proxecto por un acabado exterior especial para ambientes mariños e agresivos, tipo Granite HDX de 55 micras, e acabado interior lacado; mellorando a resistencia aos raios UVA e a corrosión. Aínda que este aspecto repercuta nun incremento de calidade, o prezo proposto está por encima dos prezos habituais de mercado para este tipo de produtos; condición que establece o Prego na súa cláusula 7ª, polo que o que subscribe estima axeitado un incremento de prezo de 4,32 €/m² para a mellora ofertada.

Polo tanto débese ter en conta o incremento de calidade proposto polo licitador pero tomando como incremento de prezo de mercado da unidade de obra cun importe de 4,32 €/m² de PEM.

Importe dos incrementos de calidade ofertados: 5.613,41 € (PEM).

Puntuación: 8,39 puntos.

- **OFERTA ECONÓMICA (Máx: 60 puntos):**

Prezo ofertado: 247.112,10 (IVE incluído).

Puntuación: 47,63 puntos.

PUNTUACIÓN TOTAL DA PLICA: 56,02 PUNTOS

COMPARATIVO DAS OFERTAS PRESENTADAS E ADMITIDAS PARA OPTAR Á CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABIERTO, DO EXPTE. nº 6/PC17/OBRAS/2017: "PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA NO CEIP DE NANTES".

Sanxenxo a 15 de xuño de 2018.

O Enxeñeiro Técn. Municipal.

Asdo: José María Troncoso Viñas.

COMPARATIVO DAS OFERTAS PRESENTADAS E ADMITIDAS PARA OPTAR Á CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO EXPTE. nº 6/PC17/OBRAS/2017: "PISTA POLIDEPORTIVA CUBERTA NO CEIP DE NANTES".

Clasificación por orden decreciente:

PLICA nº	LICITADOR	INCREMENTO DE CALIDADE	OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	40,00 puntos	58,86 puntos	98,86 puntos
3	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A.	40,00 puntos	57,34 puntos	97,34 puntos
7	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	37,27 puntos	58,84 puntos	92,11 puntos
1	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.	36,18 puntos	49,15 puntos	85,33 puntos
2	COVISAM NORTE, S.L.	26,56 puntos	54,04 puntos	80,60 puntos
8	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABIILEIRA, S.L.	21,09 puntos	51,50 puntos	72,59 puntos
9	CONSTRUCTORA EDISERPO, S.L.	12,34 puntos	51,39 puntos	63,73 puntos
6	REVOLTAMAR, S.L.	14,98 puntos	47,37 puntos	62,35 puntos
12	RASALEREZ, S.L.	0,00 puntos	60,00 puntos	60,00 puntos
13	PROYCOGA, S.A.	8,39 puntos	47,63 puntos	56,02 puntos
10	CONSTRUCCIONES HERMANOS SANZ 2000, S.L.	4,41 puntos	51,07 puntos	55,48 puntos
5	DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A.	4,80 puntos	49,25 puntos	54,05 puntos
11	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	0,00 puntos	49,89 puntos	49,89 puntos

Sanxenxo, a 15 de xuño de 2018.

Enxeñeiro Técn. Municipal

Asdo: José María Troncoso Viñas.

